| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Economía: Economía española e mundial** | | | | |
| Materia | Economía: Economía española e mundial | | | |
| Código | V03G020V01201 | | | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Iglesias Malvido, Carlos<br>Suris Regueiro, Juan Carlos | | | |
| Profesorado | Amigo Dobaño, Josefina Lucy<br>Cal Bouzada, María Isabel<br>Iglesias Malvido, Carlos<br>Padín Fabeiro, María Carmen<br>Simón Fernández, Xavier<br>Suris Regueiro, Juan Carlos | | | |
| Correo-e | calu@uvigo.es<br>jsuris@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Economía Española e Mundial é unha materia básica do 2º cuadrimestre de GADE e 1º cuadrimestre do PCEO de ADE-Dereito da Universidade de Vigo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do estudante, das cales 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades de traballo persoal.<br>Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento da Economía Aplicada, comenzando pola análise da Economía Mundial e Española. Trátase de que comprenda o funcionamento e estrutura da Economía Mundial e Española, facendo fincapé, por unha banda, nas diferencias entre Países Desenvolvidos e Países en vías de Desenvolvemento, e por outra banda, na estrutura económica de España.<br>Organízase en Actividades Básicas (AB) e Actividades Complementarias (AC). As AB son comúns para todos os Centros onde se imparte a titulación de ADE, mentres que as AC son específicas de cada centro. | | | |

| **Competencias** | |
|---|---|
| Código | |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B2 | Pensamento crítico e autocrítico |
| B5 | Habilidades de comunicación oral e escrita |
| B8 | Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación |
| B9 | Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo |
| B13 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| B14 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado |
| C2 | Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía |
| C16 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante |
| D1 | Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial |
| D5 | Motivación pola calidade e mellora continua |

**Resultados de aprendizaxe**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
|  Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española. | | C2 | |
|  Manexar a información proporcionada polas fontes estatísticas da economía mundial e de España. | B1 | C16 | |
|  Sintetizar a información estatística en indicadores económicos relevantes. | B1 | C16 | |
|  Consultar directamente as referencias bibliográficas. | | C16 | |
|  Elaborar e expoñer os resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, e realizar gráficos e presentacións. | B1 | C16 | D1 |
|  Redactar e sintetizar os resultados anteriores. | B1<br>B2<br>B5 | | |
|  Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistrais. | B2<br>B5<br>B8<br>B9<br>B13 | | D1<br>D5 |
|  Revisar con certa periodicidade a evolución dos resultados acadados. | | | D1<br>D5 |
|  Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial. | | | D1<br>D5 |
|  Amosar motivación pola calidade e pola mellora continua. | | | D1<br>D5 |
| - Habilidades de comunicación escrita e emisión de informes sobre situacións concretas | B5<br>B14 | | |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Parte I: Introdución | Os obxectivos básicos e as preguntas relevantes. Organización e método de traballo. Principais conceptos: Crecemento e Desenvolvemento. Fontes estatísticas e bibliográficas. |
| Parte II. Economía mundial. | Os factores do crecemento económico: estratexias e experiencias. Os elementos estruturais dos Países Desenvolvidos. Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. As teorías do subdesenvolvemento económico. Institucións e relacións económicas internacionai |
| Parte III. Economía española. | Evolución da Economía Española: Etapas, factores de crecemento e cambio estrutural. A especialización produtiva e comercial. Eficiencia, sustentabilidade e equidade. |
| Parte IV: A actualidade da economía española e mundial. | Temas de actualidade da economía mundial. Temas de actualidade da economía española. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 30 | 0 | 30 |
| Prácticas de laboratorio | 15 | 0 | 15 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 39 | 39 |
| Exame de preguntas obxectivas | 0 | 20 | 20 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 30 | 30 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 4 | 10 | 14 |
| Observación sistemática | 1 | 1 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | As sesións maxistrais forman parte das Actividades Básicas da Materia. En cada unha das sesións, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Tomárase como punto de partida as preguntas destacadas en cada un dos temas, así como os resultados e conclusións que se vaian acadando simultaneamente nas outras actividades docentes relacionadas co tema. |

| | |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | As prácticas de laboratorio forman parte das Actividades Básicas. En cada unha delas o alumnado realizará un exercicio en que deberá aprender a manexar información para o estudo da economía mundial e de España.<br>Con ditos exercicios o estudantado aprenderá a organizar a información e a sintetizar os datos en indicadores relevantes (PIB, poboación, PIB per cápita, coeficiente de apertura, taxa de actividade, taxa de desemprego, gasto público, produtividade etc.). Iso esixirá a realización de cálculos (taxas de variación, números índice, actualización de variables monetarias, taxas de participación), a súa representación e análise. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Forman parte das Actividades Complementarias, de carácter presencial ou non presencial, consistentes en probas onde os estudantes demostren a súa capacidade individual para resolver un exercicio de xeito autónomo, sen necesidade de titorización persoal. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Realización de traballo persoal e programado baseado na elaboración de informes sobre aspectos concretos da economía española e mundial que teñen como base as fontes principais de datos, cáculos de magnitudes ou indicadores e a súa interpretacion facendo uso da análise económica. |

| Probas | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Logo da exposición de cada capítulo o estudante resposta un cuestionario de preguntas dipoñible na páxina da mateira para comprobar que adquiriu os coñecementos máis sustancias. |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Resposta a preguntas concretas na que cada alumno explica os principais problemas dos diferentes aspectos estudados en economía española e economía mundial. Realización do informe iniciado nas sesións de prácticas de laboratorio e mellorado e personalizado seguindo un proceso programado. |
| Observación sistemática | Seguimiento das diferentes actividades realizadas por cada estudante o longo do cuatrimestre e corrección do traballo realizado |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividades Complementarias de traballo persoal (non presencial). Exercicios que demostren a capacidade autónoma de cada estudante. | 20 | B1 B5 D1 |
| Exame de preguntas obxectivas | Actividades basicas de traballo persoal (presencial e non presencial) que inclue a realización de cuestionarios vinculados ás clases maxistrais e ás sesións prácticas de laboratorio. | 20 | C2 D5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Actividades básicas de traballo persoal (presenciais ou non presenciais) consistentes en responder por escrito, de forma sintética, ás preguntas relevantes de cada tema do programa (desenvolto nas sesións maxistrais). | 20 | B1 B2 B5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Actividades complementarias (presencial ou non presencial) consistentes en relacionar os resultados do conxunto das actividades da materia, tanto dos contidos teóricos como prácticos. | 30 | B1 B2 B5 B9 B13 B14 C16 |
| Observación sistemática | Nesta Centro, avaliarase a actitude persoal do estudante que se verificará a través do seguimento periódico. | 10 | B8 D5 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Cando o alumnado non aprobe a materia por avaliación continua, para superar a mesma deberá presentarse ao exame final da convocatoria ordinaria. Dito exame poderá incluir preguntas de tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento, similares ás descritas no sistema de avaliación. Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Dependendo da situación do alumnado (algúns seguindo a avaliación continua e outros con renuncia expresa a ela), o exame da convocatoria ordinaria terá diferente peso relativo na avaliación final, garantindo que, como mínimo, represente o 60 por cento da mesma (podería chegar ao 100%).

O exame correspondente ás demais convocatorias (extraordinaria, fin de carreira, etc.) seguirá o mesmo modelo e criterios de cualificación que o exame final da convocatoria ordinaria.

As datas para os exames son as establecidas no Calendario oficial de cada Centro e publicadas na súas correspondentes páxinas web.

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía Básica**

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, Ed. Thomson-Civitas, 2013

Berzosa, Carlos; Pablo Bustelo, Jesús de la Iglesia, **Estructura Económica Mundial**, Síntesis, 2001

**Bibliografía Complementaria**

## Recomendacións

**Materias que continúan o temario**

Macroeconomía/V03G020V01404

Traballo de Fin de Grao/V03G020V01991

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Historia: Historia económica/V03G020V01103

**Outros comentarios**

Para o correcto seguimento da materia é preciso contar con acceso a internet e unha conta de correo electrónico, a utilización da Plataforma de Docencia Virtual e o o manexo de programas informáticos básicos (unha folla de cálculo e un procesador de textos).

Nos Centros da UVigo, a Plataforma de Docencia Virtual será a Plataforma Tem@.

Aqueles estudantes que non dispoñan de internet, poderán usar ordenadores de acceso libre existentes nas Facultades.

Para o alumnado da UVigo recoméndase a realización do curso virtual organizado pola Biblioteca "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar e utilizar a información", dirixido ao alumnado de 1º grao e que ten coma obxectivo que o estudante adquira os coñecementos básicos para buscar, analizar, seleccionar e organizar a información de xeito eficiente, así como utilizar e comunicar a información eficazmente de forma ética e legal.

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grado en Dereito impártese no 1º cuadrimestre do 1º curso e o seu coordinador é Carlos Iglesias Malvido.

## Plan de Continxencias

**Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Na FCEE de Vigo, toda a metodoloxía descrita na guía da materia pode desenvolverse de forma non presencial, razón pola que non é preciso cambiala.

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Na FCEE de Vigo, as sesións de titorización poderán realizarse mediante o correo electrónico ou por outros medios telemáticos (videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non son necesarias modificacións dos contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se precisa bibliografía adicional. O alumnado dispón de todo o material en FaiTic.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas pendentes que se manteñen Peso anterior (%) Peso proposto (%)
- Resolución de problemas de forma autónoma 20 20
- Preguntas obxectivas 20 20
- Resolución de exercicios 20 20
- Preguntas de desenvolvemento 30 30
- Observación sistemática 10 10

* Probas que se modifican

* Novas probas
Na FCEE de Vigo, si é preciso, cambiaranse os exames finais presenciais (convocatoria ordinaria e extraordinaria) por outros que podan executarse telemáticamente.

* Información adicional
A materia xa estaba deseñada para a avaliación continua utilizando ferramentas telemáticas (principalmente FaiTic), de aí que non sexa preciso modificar nin os contidos nin adaptar os criterios de avaliación (agás ao referido á execución telemática das actividades inicialmente previstas como presenciais).